

Criterios para o reparto da cantidade presupostada para a partida específica dos ESTUDOS DE DOUTORAMENTO. Presupostos ano 2009

Correspóndelle ao Consello de Goberno establecer anualmente os criterios de reparto da partida específica para os estudos de terceiro ciclo, a proposta da Comisión de Doutoramento, consonte ao Regulamento de ditos estudos no seu artigo 8.3.

Estes estudos actualmente, e de maneira transitoria, veñen regulados por dúas vías, a saber: polo Real Decreto 778/1998, de 30 de abril e tamén polo Real Decreto 56/2005, de 21 de Xaneiro, na medida en que este último afecta aos estudos de doutoramento que se enmarcan nos Programas Oficiais de Posgrao. A situación de solapamento de dúas vías de desenvolvemento que afecta aos estudos de terceiro ciclo motiva que se establezan por terceiro ano uns criterios de reparto con vontade de dar resposta á dita situación transitoria.

Aínda que todos os estudos de doutoramento que oferta a USC teñen a garantía de calidade, debe recoñecerse que os responsables de certos programas fan un esforzo especial para obter a Mención de Calidade que outorga o Ministerio con competencias no ensino superior. De feito nos últimos anos a USC foi incrementando sensiblemente o número de estudos de doutoramento que oferta coa mencionada Mención, pasando de ter 7 no 2004 a ter 31 no 2009. Tendo en conta que dita Mención é de interese non só para os estudos que a reciben e os seus doutorandos senón tamén para o conxunto da USC, parece razoable que os estudos que fan este esforzo e alcanzaran dito logro perciban unha axuda maior. Deste xeito a USC pretende estimular que todos os programas de doutoramento poñan os medios para acadar dita Mención de Calidade.

O Consello de Goberno da USC, na súa reunión do 11 de febreiro de 2009, aprobou os seguintes criterios de reparto, segundo a proposta acordada pola Comisión de Doutoramento desta Universidade, na reunión do 6 de febreiro de 2009.

CRITERIOS

1.- Reservarase un total dun 40% da partida dos orzamentos prevista para Accións de Terceiro Ciclo para apoiar aos **estudos de doutoramento ofertados no 2008/09** e desenvoltos polas vías do RD 778/1998 e do RD 56/2005 **que acadaran a Mención de Calidade**. A distribución porcentual das cantidades reservadas establecerase entre os tres apartados mencionados no punto seguinte dun xeito igual ao previsto nos mesmos.

2.- O 60% restante da partida da partida dos orzamentos para Accións de Terceiro Ciclo distribuirase segundo as seguintes porcentaxes:

2.1.- Un 35% se distribuirá do seguinte xeito:

2.1.1.- Un 5% a distribuír entre os departamentos responsables de programas de terceiro ciclo que se desenvolven pola vía do RD 778/1998, en función do número de créditos impartidos no período de docencia do programa durante o curso 2007-2008 (ata un máximo de 90 créditos por programa de doutoramento).

2.1.2.- Un 5% a distribuír entre os centros responsables dos POP ofertados, polo desenvolvemento do doutoramento pola vía do RD 56/2005, a repartir consonte a proposta da comisión académica ou, de non existir esta, a proposta do/da coordinador/a de cada POP entre os departamentos implicados na docencia do POP.

2.1.3.- Un 25% a distribuír entre os departamentos ao que pertenza o titor de cada alumno, en función do número de alumnos matriculados no período de docencia de cada programa de doutoramento desenvolto pola vía do RD 778/1998, no curso 2007-2008, multiplicando esta cifra polo CRAI do departamento responsable.

2.2.- Un 45 % destinado a departamentos, desglosado en:

2.2.1.- Un 5% a distribuír entre departamentos en función do número de alumnos matriculados na etapa da tese, excluídos os alumnos adscritos.

2.2.2.- Un 40% a distribuír en función do número de teses de doutoramento lidas en cada departamento durante os cursos 2002-2003 a 2007-2008, ponderando esta cifra co número de profesores doutores de cada departamento. Esta cantidade afectará tanto a programas de doutoramento regulados pola vía do RD 778/1998 como aos POP polo desenvolvemento do doutoramento consonte a vía do RD 56/2005.

2.3.- Un 20% destinado a mobilidade do profesorado:

Un 20% destinado a financiar a convocatoria de axudas para favorecer a mobilidade do profesorado participante nos estudos de doutoramento desenvoltos polas vías do RD 778/1998 e do RD 56/2005.

Convocatoria para o reparto do presuposto destinado a mobilidade do profesorado nos estudos de doutoramento no curso académico 2008- 2009

Introdución

O obxectivo da presente convocatoria é a concesión de axudas á mobilidade do profesorado universitario español ou estranxeiro, para fomentar a súa participación en programas de doutoramento ou en POP, en tanto que están implicados no desenvolvemento de estudos de doutoramento, que impartan o período de docencia no curso académico 2008-2009, co fin de favorecer a promoción, a internacionalización, a calidade e a excelencia nas ensinanzas de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela.

A mobilidade do profesorado nos programas de doutoramento aparece como instrumento importante para conseguir os obxectivos de calidade e excelencia na formación do alumnado de terceiro ciclo, aproveitando ao mesmo tempo do xeito máis eficiente, os recursos humanos dentro e fóra da nosa Universidade.

Obxectivos da convocatoria

A presente convocatoria intenta mellorar a calidade do terceiro ciclo mediante a concesión de axudas para o desenvolvemento de aqueles estudos que promovan:

- 1.- A mobilidade interuniversitaria do profesorado, mediante a participación de profesores de prestixio recoñecido na formación de doutores.
- 2.- A colaboración entre a USC e universidades e centros de investigación españois ou estranxeiros.

Financiamento

O financiamento destas axudas efectuarase con cargo á porcentaxe destinada á mobilidade de profesorado no orzamento que o Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (CPTF) ten asignado para os estudos de terceiro ciclo, na aplicación presupostaria 5501- 2301- 64000.

Solicitudes

Poderán presentar solicitudes (a) os coordinadores dos programas de doutoramento ou (b) os coordinadores dos POP con estudos de doutoramento, que se desenvolvan na USC durante o curso académico 2008-2009. As solicitudes deberán contar co visto e prace da dirección do departamento ou instituto universitario responsable do programa no caso (a) ou do centro responsable do POP no caso (b).

Os cursos ou seminarios para a impartición dos cales irá destinada a axuda poderán formar parte dun programa de doutoramento ou dunha solicitude de adscrición previa de créditos segundo o estipulado no artigo 53 do Regulamento de estudos de terceiro ciclo (RETC) da USC.

Natureza das axudas

As axudas concedidas destinaranse á remuneración dos gastos de desprazamento, custo de locomoción dos profesores e investigadores doutras universidades ou centros de investigación, españois ou estranxeiros, que impartan, cando menos, un crédito de docencia.

As axudas poderán financiar ata 6 créditos por programa ou POP e un máximo de 3 profesores, computando aos efectos de aloxamento e manutención: 1 semana por 1 profesor con 1 crédito a impartir, 1'5 semanas por profesor con 2 créditos, 2 semanas por profesor con 3 créditos, etc.

O importe máximo da axuda de aloxamento e manutención por profesor será de 475 euros por semana.

O importe máximo de reembolso de gastos de desprazamento será: dentro de España: 275 euros; desde países da Unión Europea: 425 euros, desde o resto de Europa, Estados Unidos e Canadá: 775 euros, desde o resto do mundo: 1200 euros.

As axudas concedidas non se poderán utilizar para remunerar ao profesorado do programa que pertenza á USC.

Formalización de solicitudes

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral da USC segundo o [modelo normalizado T70](#), que se pode obter na dirección de Internet do CPTF, e deberán ir asinadas: (a) polo/a coordinador/a dun programa de doutoramento da USC ou (b) polo/a coordinador/a dun POP, visto e prace da dirección do departamento ou instituto universitario responsable do programa no caso (a) ou do centro responsable do POP no caso (b), e dirixidas ao Vicerreitor de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior.

Por cada unha das propostas, acompañaranse os documentos seguintes:

1.- Relación dos cursos e seminarios para a impartición dos cales se solicita a axuda, sinalando os seus obxectivos e o profesorado. Especificaranse os cursos e seminarios que impartirá cada profesor, que deberán ser como mínimo equivalentes a un crédito, e ser parte da oferta aprobada.

2.- Xustificación da vinculación da persoa invitada un curso/seminario de doutoramento e a súa relevancia en relación co curso a impartir, mencionando as publicacións, o perfil profesional ou outros méritos que se consideren relevantes (máximo unha páxina).

3.- Orzamento detallado, con indicación do co-financiamento solicitado e, de ser o caso, recibido de entidades colaboradoras, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

4.- Os estudos de doutoramento que no ano anterior teñan recibido esta axuda deberán ter presentado o informe académico e económico correspondente, previsto na convocatoria.

Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes destas axudas finalizará o 9 de marzo de 2009.

Avaliación e selección das solicitudes

O proceso de avaliación e selección realizarase pola Comisión de Doutoramento, de acordo cos criterios seguintes:

- 1.- Adecuación da solicitude ós obxectivos desta convocatoria.
- 2.- Calidade do historial científico - docente dos profesores invitados.
- 3.- Coherencia do contido do programa coas liñas de investigación dos profesores implicados, así como número e dedicación destes.
- 4.- Valorarase o número de alumnos ós que vaian dirixidos os cursos e seminarios.

Co fin de atender o maior número de solicitudes, a Comisión de Doutoramento poderá aplicar criterios de distribución proporcional da cantidade total dispoñible para estas axudas, sempre que as solicitudes cumpran os criterios e obxectivos da presente convocatoria. Así mesmo, terá en consideración se os departamentos ou centros responsables, segundo o caso, perciben axudas para o mesmo cometido doutras convocatorias.

Resolución

A Comisión de Doutoramento publicará a relación provisional do conxunto de axudas concedidas, dando un prazo de reclamación de 10 días, transcorrido o cal resolverá sobre as reclamacións presentadas e publicará a resolución definitiva.

Pagamento

O importe das axudas liberarase a favor dos departamentos responsables dos programas de doutoramento correspondentes ou, no seu caso, dos centros responsables dos POP.

Seguimento e xustificación final

O/A coordinador/a do programa de doutoramento ou, no seu caso, o/a coordinador/a do POP remitirá ao CPTF un informe académico e económico nun prazo non superior a un mes desde a finalización da impartición dos cursos e seminarios para os que se concedeu a axuda.